



ACTA DO XURADO DO VIII CONCURSO BALBINO DE RELATOS

No Pazo de San Roque, en Santiago de Compostela, o 12 de setembro de 2023, reuniuse o xurado do VIII Concurso Balbino de Relatos, constituído por Rosalía Morlán, en calidade de presidenta, Carlos Loureiro, Xosé Manuel Lobato e Fernando González Graña, como vogais, e Armando Requeixo actuando como secretario.

Logo da pertinente deliberación, o xurado decidiu outorgar por unanimidade o premio do concurso ao orixinal presentado baixo o título *Loucine* e pseudónimo 'Matilda Wormwood'. Aberta a plica, o texto resultou ser da autoría de Clara Martín.

O xurado destacou nesta novela o gran traballo na caracterización dos personaxes nunha historia que atrapa pola intriga e que é quen de reflectir, con notable habelencia, unha sinfonía de soidades na que todos os seres deste relato atopan o seu lugar no mundo.

Tamén si, o xurado quere significar e agradecer o esforzo de Edicións Fervenza (que será o responsable da publicación da obra gañadora) fai para que este certame sexa unha realidade, empeño no que conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Vila de Cruces, Boqueixón e Silleda, así como co apoio da Fundación Xosé Neira Vilas.

Asinan a presente, no día e lugar amentados

Rosalía Morlán
Presidenta

Carlos Loureiro
Vogal

Xosé Manuel Lobato
Vogal

Fernando González Graña
Vogal

Armando Requeixo
Secretario